



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.gal

Abril 2018

A CIG-Ensino e as demais OO.SS. retoman as accións de protesta ante a falta de resposta da Consellaría aos problemas do persoal da concertada

Os representantes de todos os sindicatos do ensino concertado (FSIE, FeSP-UGT, CCOO, FEUSO e CIG Ensino) retoman as accións de protesta en defensa dos máis de 7.000 empregados e empregadas, que levan 8 anos perdendo salario e dereitos



Desde a reunión co conselleiro do pasado día 5 de decembro, que foi absolutamente decepcionante para os representantes sindicais ante a falta de coñecemento dos temas por parte do máximo responsable do Ensino en Galicia, non houbo resposta algunha por parte da Administración ás demandas presentadas no devandito encontro.

Por este motivo, os representantes das organizacións sindicais decidimos dar novamente un paso adiante e emprender unha serie de accións. Desta forma, hoxe mesmo –ao remate da rolda de prensa- os liberados e liberadas sindicais concentrámonos diante da consellería e, por rexistro, solicitamos a convocatoria da Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado (CTEPC).

Tamén temos en marcha unha campaña de recollida de sinaturas co lema “negociación na concertada, xa!”. Estas firmas serán entregadas o vindeiro día 25 de abril, data na que se celebrará unha concentración de delegadas e delegados da concertada diante da Consellería. Se non se conseguen avances significativos, as OOS teñen previstas outras accións máis contundentes.



Temas a tratar que reivindicamos

O Acordo de Mantemento de Emprego é unha das prioridades, xa que “non temos AME dende o ano 2009, e a perda de unidades suporá un maior paro”. Ademais, as organizacións sindicais recordan os recortes salariais soportados por este colectivo nos últimos anos, consolidados en nómina e que aínda non terminaron de recuperarse, así como a paga extraordinaria de antigüidade dos 25 anos, que non se aboa dende 2010, “sendo Galicia a única comunidade autónoma do Estado que non paga a PEA, dereito recoñecido por xurisprudencia reiterada”. O aboamento da coordinación de dinamización lingüística que non se está a cobrar, incumprindo a propia lexislación da Xunta de Galicia, é outro dos temas a tratar. Por todo isto, e ante a situación de recuperación económica “da que tanto se fala, cremos que chegou o momento de empezar a negociar

(o gran problema é a negativa a negociar por parte da Administración) un acordo de mantemento de emprego, un acordo de aboamento da PEA e un calendario de recuperación e equiparación salarial e de condicións laborais, así como o pago da coordinación de dinamización lingüística que non están a cobrar os traballadores/as do ensino concertado”.

Actitude “inmobillista e rúcana”

O representante da CIG-Ensino, Henrique García, criticou que o conselleiro se negue a convocar a Comisión Tripartita, na que están representados sindicatos, empresas e administración e que se dedique a gobernar a golpe da Lei de Orzamentos Xerais de Galicia. “É absolutamente inadmisíbel que esta lei recolla expresamente a prohibición de negociar cos traballadores e traballadoras da concertada de pagamento delegado”, indicou, á vez que lembrou que

nos últimos 8 anos este colectivo perdeu un mínimo de 19.000 euros en concepto de salarios, o que leva a que estea ao 93% de equiparación salarial cos empregados e empregadas da pública. “Un dato revelador é que actualmente o persoal da concertada cobra unha media de 40 euros menos mensuais que en 2009”, incidiu.

Pero a maiores, Henrique García puxo enriba da mesa o Acordo de Mantemento de Emprego que estivo vixente con gobernos de diversas cores desde o ano 1999 até 2009 e que implica que calquera profesional sería recolocado, ou ben no seu propio centro ou noutro, sempre que se pechen unidades. “A vontade obstrucionista da Consellaría pode verse neste exemplo: non aceden a asinar o AME, malia que os custos deses postos de traballo xa están orzamentados e non se require incrementar o gasto público”.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal